

O matrimonio foi o delito de Josefina Arruti. Tras 18 meses na cadea, repudiada por quen antes a gababa como muller do alcalde e vixiada polo franquismo, sacou os seus fillos adiante e foi quen de axudar outras familias represaliadas. Kiko da Silva e Pablo Prado narran a súa vida en 'Os berros da motocicleta'.



Pablo Prado

Unha das páxinas da banda deseñada, na que se recrean instantáneas da vida de Josefina Arruti.

Nas páxinas de *Os berros da motocicleta* Kiko da Silva e Pablo Prado recuperan a Pontevedra de Josefina Arruti. A través da memoria dos fillos dela e Bibiano; José Ángel, Carmen e Manuel, reconstrúen o pasado de Josefina Arruti. Un proceso de dous anos nos que recibiron o impulso da xornalista Montse Fajardo para o arranque.

"A de Josefina é a historia desas persoas que, pese ao clima de terror, esa atmosfera que creou a ditadura, non son vencidas. Ela asumiu que vivía nun contexto completamente adverso, no que o medo era o pan de cada día. Pese a iso os seus ideas de xustiza e de procurar o benestar de todas as persoas seguen intactos", valora Prado, destacando a resistencia valente da protagonista.

A coraxe das mulleres

Non panteón familiar no cemiterio de Santo Amaro atópase a mostra desta resistencia. "Ela e a súa sogra, Emilia Osorio, abrírono para que familias represaliadas puidesen enterrar os seus mortos, asasinados polo franquismo. Persoas que, doutra maneira, terían ficado nunha cuneta. Penso que foron tremendamente valentes e que esta historia é necesaria para facerlles xustiza", di da Silva.

"Josefina tal vez non amosase a súa ideoloxía dunha forma explícita, pero si a través destas accións. Amosou respecto e agardamento por quen sufriu a represión. Hai que ter en conta que ela era unha muller relixiosa e de clase acomodada, gran parte das persoas desa condición social apoiaron os golpistas", engade Pablo Prado.

Os autores de *Os berros da motocicleta* tamén sinalan que, pese ao malentendido que a afastou do seu marido, Josefina Arruti sempre animou os seus fillos a manter o contacto con el de maneira epistolar. Co tempo e o final da ditadura remataríanse reunindo de novo con el.

"É importante que todos, non só as persoas máis novas, lembremos estes acontecementos que son tamén recentes. E a banda deseñada serve para recuperar momentos históricos e vidas como esta que, doutra maneira non terían a mesma presenza", conclúe o guionista desta banda deseñada.

Un cómic recolle a vida desta pontevedresa represaliada no franquismo

A resistencia valente de Josefina Arruti

Raquel C. Pérez | Nós Diario

"A historia comeza con Josefina levando flores a Bibiano, enterrado no panteón familiar. Escoita o ruído dunha motocicleta e cae ao chan. Un home que pasa en coche para e ofrécese a levalla ao seu destino. Ela explícalle que se asusta co berro das motocicletas". Kiko da Silva narra por teléfono o inicio da banda deseñada que asina xunto a Pablo 'Fuco' Prado e que recupera a vida de Josefina Arruti, nada en Pontevedra en 1906 e encarcerada en 1936 tras o levantamento militar e o inicio da represión.

O azar quixo que deixase Madrid xunto aos seus tres fillos pouco antes do alzamento, para regresar á súa cidade natal e coidar da súa sogra enferma. O lazo que a unía a Bibiano Fernández Osorio-Tarafall, alcalde de Pontevedra, presidente da Deputación e deputado nas Cortes, foi a xustificación dos castigos que o franquismo lle inflixiu.

A compañía da cadea

"Ela non estaba posicionada politicamente. De repente, atopouse no cárcere sen xuízo previo, sen cargos na súa contra. Cos cativos, no medio dunha gue-



"A Memoria das Mulleres", un proxecto para divulgar a historia das pontevedresas

Os berros da motocicleta é o primeiro título dunha colección impulsada polo Concello de Pontevedra para recoller e divulgar a memoria das mulleres. O encargo chegou ao Garaxe Hermético, a escola de banda deseñada que dirixe Kiko da Silva, cando Pablo Prado estudaba o segundo curso. Tras máis de dous anos de traballo, presentarán a obra o vindeiro domingo no Cultural, en Pontevedra. A primeira tirada da obra distribuirase en bibliotecas e centros educativos.

rra", agrega o guionista do cómic sobre Josefina Arruti. Na cadea, comparte a comida que lle leva a súa sogra entre as mulleres da súa cela e para as que tecía prendas. Tras dezoito meses na prisión pasou dous anos en arresto domiciliario, no seu fogar na rúa Benito Corbal.

"A familia estaba arrodeada pola Garda Civil dunha banda e pola Garda Cívica da outra", abunda Kiko da Silva. Na rúa Josefina e a súa familia atoparon un segundo cárcere, o daquelas persoas que antes a gababan como muller do alcalde e que agora a repudiaban, insultándoa e apartándose dela. Ás miserias daquela sociedade uníronse as dificultades económicas.

Tras os pasos de Arruti

"O azar tivo un gran peso na vida de Josefina. Seguramente tería sido diferente de non ter marchado a Madrid, ou tal vez se Bibiano se tivese reunido con ela en Pontevedra tería sido fusilado", prosegue o guionista da obra. Un malentendido, que se revela na publicación, motivou que Arruti nunca volvea ver o seu marido, no exilio, até xa falecido, cando comezou a visitalo e levarlle flores.